


EXPOSICIÓN

LORETO MARTÍNEZ TRONCOSO

28 xaneiro – 27 marzo 2011

ENTRAR NA OBRA, 1



DATAS

28 xaneiro – 27 marzo 2011

LUGAR

Salas de exposición do primeiro andar

HORARIO

Martes a sábados (festivos incluídos) de 11.00 a 21.00

Domingos, de 11.00 a 14.00

COMISARIOS

Agar Ledo Arias e Iñaki Martínez Antelo

PRODUCCIÓN

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Loreto Martínez Troncoso. Vigo, decembro 2010
Foto. María Urrutia

PRESENTACIÓN

Coa exposición de **Loreto Martínez Troncoso**, o MARCO inaugura o ciclo titulado '**ENTRAR NA OBRA**', que se desenvolverá nas salas do primeiro andar, e cuxo nome está tomado da célebre peza de Giovanni Anselmo *Entrare nell'opera* (1971). O paradoxo que rodea o concepto de espectador e que o sitúa entre a pasividade e a acción é o punto de partida desta serie de proxectos, que analizan ao público, ao visitante, ao espectador, á audiencia, como un elemento inherente á obra.

OBRAS EN EXPOSICIÓN

Loreto Martínez Troncoso (Vigo, 1978) constrúe situacións a partir de textos, da palabra escrita ou falada, da linguaxe e dos silencios. A exposición do MARCO —primeira individual desta artista— reúne traballos realizados entre 2009 e 2011 —dúas pezas sonoras, unha pequena biblioteca, unha planta, un facsímile de óleo sobre lenzo dun artista anónimo, unha proxección de vídeo, un texto en transparencia, un pensamento na parede, e unha proxección de diapositivas— que na súa maioría funcionan como documentos do proceso de creación. A peza máis recente, a instalación sonora titulada '*No sé si me da miedo la muerte, no sé casi nada desde que llegué al mar*' [*sobre el miedo, esbozo#1*], é resultado de varios obradoiros e entrevistas realizados pola artista con grupos de estudantes de Bacharelato (IES Val Miñor, Nigrán), Primaria e Infantil (CEIP García Barbón, Vigo), e adultos, e acompáñase dunha selección de debuxos dos alumnos participantes nestes talleres.

SÍNTESIS DO PROXECTO EXPOSITIVO

'Entrar na obra'

'Entrar na obra' é un ciclo de exposicións que se desenvolverá nas salas do primeiro andar do MARCO. O título do ciclo está tomado da célebre peza de Giovanni Anselmo *Entrare nell'opera* (1971), emulsión fotográfica sobre lenzo, na que o artista se fotografa a si mesmo atravesando unha aba nunha acción que interpretamos como reveladora sobre a relación entre o artista e a súa obra e entre o espazo e o tempo. O artista altera o seu papel e xera unha situación de integración, ante a que tamén reacciona o espectador, que, se ben non entra fisicamente na obra, participa sendo testemuña desta ruptura dos límites tradicionais que separan suxeito e obxecto. O significado último reside, pois, na reacción do espectador.

O papel fundamental do espectador no proceso de creación da obra de arte formou parte, nas últimas décadas, de discusións e ensaios. Ao longo do século XX xorden os conceptos de obra aberta, espectador emancipado ou morte do autor, e o rol do público pasa a ser esencial para completar a peza, mediante a súa mera presenza física ou a necesidade de implicarse activamente. O artista xa non é o eixe central do proceso e as coordenadas de percepción márcanas, como escribe Douglas Crimp, non só o encontro entre o espectador e a obra, senón entre ambos os dous e o espazo que ocupan. En que grao necesita o público estar ante a obra? O simple feito de mirar non ten xa valor?

O paradoxo que rodea o concepto de espectador e que o sitúa entre a pasividade e a acción é o punto de partida desta serie de proxectos, que analizan a condición do público como elemento inherente á obra. A relación directa entre ambos os dous, o intercambio físico ou a reciprocidade inmediata xeran unha nova dimensión na que tempo e espazo alteran as condicións da recepción e da percepción.

O ciclo 'Entrar na obra' iníciase o 28 de xaneiro con Loreto Martínez Troncoso, para continuar a partir de abril con Wilfredo Prieto (*Sancti-Spiritus*, Cuba, 1978), ao que seguirán as propostas de Rubén Grilo (Lugo, 1981), Karmelo Bermejo (Málaga, 1979), Judi Werthein (Bos Aires, Arxentina, 1967), e Amaya González Reyes (Sanxenxo, Pontevedra, 1979).

Loreto Martínez Troncoso

Loreto Martínez Troncoso (Vigo, 1978) constrúe situacións a partir de textos, da palabra escrita ou falada, da linguaxe e dos silencios. As súas cartas, conferencias, discursos ou relatos diríxense a un visitante necesario —un destinatario sen o que non hai obra— que actúa como receptor da palabra e das súas transposicións.

NOTA DE PRENSA



O traballo de Loreto Martínez Troncoso é esencialmente inmaterial, e adopta diferentes aparencias segundo o contexto no que acontece, pero case sempre mantén un elemento común: o cuestionamento permanente da linguaxe e das súas formas establecidas, e dos seus destinatarios.

As súas primeiras performances céntranse nos conceptos de aquí e agora, unha conciencia que permanece nas gravacións e pezas sonoras, que regresan sobre as súas preocupacións primeiras evidenciando unha busca permanente, unha non resposta e a escritura constante do mesmo texto, que devén autoficción.

Na súa proposta para o MARCO, aborda aspectos como a desaparición, a perda, a memoria ou o medo, a través de pezas ou documentación existentes e de novas producións, construídas a partir de citas e superposicións. As súas obras son palimpsestos, onde se evidencia o poder da linguaxe e onde a intertextualidade se converte en vehículo de comunicación. Estes dispositivos de transmisión son fundamentais no seu intento de manter unha relación directa co público.

TEXTO CURATORIAL

“Loreto Martínez Troncoso utiliza a palabra como vehículo de transmisión; unha palabra que, nas súas transposicións, adquire novos significados e constrúe novas situacións. As súas obras son palimpsestos nos que a intertextualidade se converte en instrumento de comunicación, e as súas accións maniféstanse por medio da presenza física da artista ou de dispositivos o fin dos cales é servir de soporte a ese texto, monólogo, discurso, conferencia.

O traballo de Loreto Martínez Troncoso é esencialmente inmaterial. As súas primeiras performances actívanse en momentos moi precisos, asumindo os protocolos de cada contexto: eventos, inauguracións, conferencias de prensa... Tras o acto de ‘tomar a palabra’ foron xurdindo cuestións como aquí e agora, que se converteron no contido principal das pezas. Preguntas como ‘que é a acción?’ ou ‘como e en que momento se pon en movemento?’, derivan da práctica ou da propia experiencia da artista como suxeito-objeto, unha condición que implica a presenza do espectador nun tempo e lugar determinados.

Esa condición do público como destinatario irrenunciable sen o que non hai obra —parafraseando a Rancière en *El espectador emancipado*— faise máis flexible en traballos recentes. Neles a artista abandona as súas intervencións espontáneas e a palabra transmítese por medio de dispositivos físicos como auriculares, proxectores ou altosfalantes, que o espectador activa, mantendo a súa condición de *performer*, no encontro coa obra e o lugar nun momento preciso. A ausencia funciona como unha transposición da presenza, pois tal e como a artista defende, ‘a inacción tamén é unha forma de acción’.

A exposición que presenta o MARCO componse de relecturas de pezas xa existentes, novas producións e documentación que se refiren a cuestións como a desaparición, a memoria ou o medo; tres aspectos do traballo de Loreto Martínez Troncoso que reaparecen ao longo da súa traxectoria, articulados por unha linguaxe que a artista usa, consciente do poder de nomear ou excluír. Primeiro en francés — estudou Belas Artes en Burdeos e Lión, e realizou a maior parte da súa carreira en Francia—, despois en castelán, galego, euskera ou portugués —na actualidade vive no Porto—, as súas pezas artículanse a xeito de fragmentos ou citas na sala de exposición, como un espazo de resonancias. Cada unha das súas obras enténdese como un traballo en proceso, un fragmento dun corpus maior, pois como escribía o crítico e comisario François Piron nun dos recentes textos sobre a artista, ‘Dende hai varios anos, o traballo de Loreto Martínez Troncoso se constrúe exclusivamente a partir do texto —talvez, para ser máis exactos, dun só e único texto, sempre subxacente, retomado e aumentado ao longo das distintas aparicións’.

A exposición iníciase con *Finalmente, ¿con o sin título?* —domingo, 21 de junio de 2009—, 2011, un texto falado que funciona como reactivación dunha situación de presenza (e de presente) anterior. Gravado en soporte vinilo, invita ao espectador a activalo colocando a agulla sobre o disco e permitindo a súa existencia durante un tempo determinado, marcado polo propio visitante e polo soporte, cun principio e un fin. O texto, unha performance na que se alude á busca de novos espazos aos que se

dirixir, fai un percorrido dende que a artista 'comezou a falar', a 'tomar a palabra', ata o momento presente, e incorpora outro elemento que funciona como aceno cara ao espectador: que fai esa planta situada ao carón do tocadiscos? Funciona como representación física no espazo, como a transposición a un obxecto dun extracto da peza sonora no que a artista exclama: *Boas noites, estou aquí dereitiña como unha planta!*

Así como estas palabras están dirixidas a 'vós', a peza sonora *En la noche*, 2010, diríxese a un 'ti', a un só espectador ao que invita a un encontro 'entre ti e eu'. Orixinalmente instalada no FRAC des Pays de la Loire —exposición *Les vagues*, realizada no marco dos XXIV Ateliers Internationaux—, fronte á única ventá ou apertura ao exterior do espazo expositivo, tradúcese agora do francés ao castelán e adquire unha nova temporalidade e situación, de costas ao exterior.

Unha das salas reúne compilacións ou fragmentos de procesos, quizais documentación, quizais aquilo que se sitúa nas marxes das obras. A proxección en power point titulada *'Viaje alrededor de mi cuarto' o 'Un cuarto propio' podrían ser el título, si un título hubiese que darle. Y, entre paréntesis: (una lectura para un domingo)*, 2011, funciona como unha lectura visual formada pola recompilación de fragmentos visualizados, lidos, ditos, escoitados, escritos, extractos de múltiples procedencias e autorías. Retallos que existen en paralelo á súa escritura ou ao seu traballo máis visible, tratados dunha forma máis *brute*. Composta ao xeito dun cadáver exquisito, a 'lectura' fía uns fragmentos con outros provocando encontros imposibles, como o dunha ostra coa anarquista Voltairine de Cleyre ou o de Francis Ford Coppola con Nina Simone, que nun momento dado evoca un dos temas que se repiten na exposición: 'ser libre é o máis parecido a non ter medo'.

Loreto Martínez Troncoso evoca o 'paso ao acto' como signo de liberdade tamén na proxección de diapositivas *Pela estrada fóra*, 2011, unha autoficción construída a partir de restos da memoria dunha viaxe realizada en soidade pola costa de Portugal durante o inverno de 2008. Arquivo dunha viaxe retomada máis tarde en pezas como *Finalmente, ¿con o sin título?*, e iniciado como práctica da fuxida, representa non a viaxe en si, senón o que puido ser esa viaxe física que a artista inicia despois de anunciar, durante unha performance en 2006, que 'o momento de irse lonxe de todo' chegara. Nese momento o seu traballo adquire a connotación de autoficción e o seu contido vai marcando a continuidade, o 'paso ao acto'.

Estas pezas forman parte das marxes que a artista fai visibles agora, os arredores fragmentados, nos que inclúe unha selección de debuxos realizados no mes de decembro de 2010 a partir de entrevistas a alumnos de Infantil e Primaria do CEIP García Barbón de Vigo, nas que se lles preguntaba sobre as súas reaccións ante o medo. A entrevista é un recurso utilizado pola artista en anteriores ocasións e que lle permite ceder a palabra ao outro, como na peza relacionada con esta que se sitúa no outro extremo do espazo: *'No sé si me da miedo la muerte, no sé casi nada desde que llegué al mar' [sobre el miedo, esbozo#1]*, 2011, unha instalación sonora en 10 canles que nos fala de vivencias impostas, de educación, a partir de fragmentos de entrevistas realizadas por Loreto Martínez Troncoso en Vigo e Nigrán (IES Val Miñor) con diferentes grupos de idade: nenos, adolescentes, e adultos. A partir destas entrevistas illadas, a artista invita ao espectador a entrar nun diálogo, para reflexionar sobre

NOTA DE PRENSA

conceptos como o medo, a perda, a soidade. É parte dun proxecto a longo prazo, tamén sobre o silencio, ou sobre aquilo que ten que ver coa imposibilidade de pasar ao acto, coa liberdade.

Os traballos de Loreto Martínez Troncoso incorporan elementos desas marxes ou escondedoiros onde habita o invisible e dende onde emerxe o visible. Diso fálanos a peza *Vergadering der Dieren*, 1965-1975 [Asamblea dos animais], facsímile dun óleo sobre lenzo de autoría descoñecida e pertencente á colección do Tropenmuseum de Amsterdam. A artista aprópiase da imaxe e úsaa como punto de partida para reflexionar sobre a dicotomía exterior-interior. Os subsolos, os lugares de retiro ou ocultamento, representados no nivel inferior do cadro, transpórtannos ao espazo oculto onde conviven pensamentos ou actitudes non aceptadas ou non tan visibles. Toda enerxía interior sae por algunha vía á superficie.

A exposición complétase cun texto en transparencia sobre a parede [*Un día escribí, sin fecha*], publicado orixinalmente por NEKaTOENEa, residencia de artistas Domaine d'Abbadia, Hendaya, e unha edición especial realizada pola artista para esta exposición. Xunto a iso, un pensamento proxectado na parede —*hay algo que me afecta y necesito reaccionar*— para referirse de novo á necesidade do 'paso ao acto', equiparable ao momento de 'tomar a palabra'. Seguimos falando de transposicións ou alteracións, de temporalidades, como as que nos anuncia a biblioteca constituída por libros que a artista leu e lerá. No seu interior hai catálogos de exposicións —de novo, transposicións das obras— ou relatos que a acompañan na súa busca infinita. En suma: restos, fragmentos, citas, palabras; pasados, presentes, futuros”.

Agar Ledo Arias e Iñaki Martínez Antelo

[Extracto do texto para o catálogo da exposición]

SOBRE A ARTISTA

Loreto Martínez Troncoso (Vigo, 1978)

Loreto Martínez Troncoso nace en Vigo en 1978; actualmente vive e traballa no Porto e París. Da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo trasládase, en 1999, á Escola de Belas Artes de Burdeos e á Escola Nacional de Belas Artes de León, onde conclúe os seus estudos. Durante os anos posteriores obtén varias bolsas de residencia en cidades como Budapeste, Hendaya, San Sebastián, León, O Porto e París. Entre as súas exposicións e accións destacan as realizadas en Les Laboratoires d'Aubervilliers (París), Centro Georges Pompidou (París), Arteleku (San Sebastián) e Fundação Serralves (O Porto); ou as mostras colectivas *Urbanitas* (MARCO, Vigo, 2006), *Arte e investigación 07* (Centro Cultural Montehermoso, Vitoria) e *O medio é o museo* (MARCO, Vigo / Koldo Mitxelena, San Sebastián, 2008), ademais de actividades como obradoiros, textos publicados, e outras colaboracións que son parte integrante da súa traxectoria artística. Actualmente, Loreto Martínez Troncoso forma parte do equipo do proxecto artístico Mugatxoan (www.mugatxoan.org).

"1978 nace... 1999 parte..., bolsa por..., traballa con... 2000 felicitada por... 2001 intervén en..., seleccionada en... 2002 felicitada por..., mercada por..., enchufada por... no..., video-proxectada en... 2003 considerada como artista francesa por... para..., anunciada como 'one-woman-show' para..., video-instalada en..., colabora con... 2004 colabora con..., participa no..., considerada como 'artista que traballa sobre'... para... por..., fai unha lectura dentro do... 2005 carta branca no..., 'recomendada' como artista 'digna do máis grande interese' por..., candidatura => retirada para..., proposición de... rexeitada por..., considerada 'politicamente no correcta' por..., forma parte da exposición..., auto-presentase como 'conformista' e non performa no festival x onde é presentada como 'Francia', bolsa por... para... 2006 participa como 'nova artista galega' en..., rexeitada no Salón do Xardín e do exterior por..., *stripteasa* en..., en... e en... 2007 mata unha mosca en..., devén unha video-proxección en..., *In-presentase...*, protócolase... 2008 parte *En el camino...*, a(s) súa(s) palabra(s) conta(n) ou non en..., fala en loop durante exactamente 3 meses e 7 días no..., *mediumízase* e 'mostra unha visión pesimista da vida' durante..., *showízase in...* e anuncia que a próxima vez fará unha comedia..., é considerada como 'creación de xénero en Galiza' en..., perde a súa boca en... 2009 anunciada como 'artista atípica [...] promete saborosas sorpresas' durante..., documenta (se) e rexístrase en primeira persoa en..., finalizará finalmente con (?)... soña (e) fai unha '—...bonita performance para domingo' no... e unha conferencia '—...optimista!' con... como un só home ou... un home só en, no... finaliza con... non fai unha comedia... pero si *quelque chose de spectaculaire* con... no... *la ferme* (?)..., entre outras cousas".

Loreto Martínez Troncoso, 2009

"LMT, nace, vive e traballa en. O seu traballo consiste esencialmente en quen cuestiona os entre e. Dende hai uns anos, desenvolve unha busca sobre, un espazo mental onde a e evócanos a construción de. Imaxina e pon en lugar non para adaptarse a. Recentemente introduciu principios nas súas obras que, vía unha montaxe entre e, ou a introdución dunha voz de, producen novas postas a distancia e efectos de. Colaborou con e exposto en, na, no e nos/as e os seus últimos proxectos tiveron lugar no, en, na, nos/as e na lala e na la-la-la-la-lá. Coa intención de desenvolver novas, amplía as súas buscas a través da particularmente e a vale da para, comprometendo así a e a/o cos/as, etc."

LMT, 2010

Loreto Martínez Troncoso

Performances (selección)

- 16.10.10 *¿Cómo asustar al pulpo? (sorcellerie culinaire)*, programa 'Les Interlocuteurs III - Les Fausses confidences', Printemps de septembre, Toulouse
- 20.06.10 *Los escapados*, Festival In-Presentable, La Casa Encendida, Madrid
- 07.06.10 *Voyage autour de ma chambre et/ou Une chambre à moi pourraient être le(s) titre(s), si est-ce qu'un titre faudrait donner (et/ou entre parenthèse: (une lecture-performance pour un dimanche))*, Fiction/Lectures performées #3, Espace Paul Ricard, París
- 18.12.09 *Finalement (je/on finira/i avec?)*, Festival Reims Scènes d'Europe
- 28.11.09 *La ferme! (soliloque d'un insomniaque)*, 'Treasures for Theatre', Centre d'art La Ferme du Buisson, Marne-la-Vallée
- 02.11.09 *Un jour j'aimerais faire une comédie/et quelque chose de spectaculaire*, Centre Georges Pompidou, París, 'Nouveau Festival', en colaboración con Jochen Dehn
- 24.10.09 *Finalement (je/on finira/i avec?)*, clausura *Wake up, please!*, Le Quartier, Quimper
- 17.10.09 *Heureux à Gentilly*, Festival 'frasq', Le Générateur, Gentilly
- 24.09.09 *Printemps de septembre* (peza radiofónica), Toulouse
- 15.03.09 *Título possível, se título houvesse: Y ¿(ahora) qué?*, Ciclo *DOCUMENTE-SE! Registos na primeira pessoa*. Fundação Serralves, O Porto
- 13.02.09 *MUSIQUE DE SALON*. Concierto con Proxima Centauri. OPUS 9.1, TNT Manufacture de chaussures, Burdeos

Exposiciones colectivas

- 2010 *Les Vagues*, Frac des Pays de la Loire, Carquefou. Comisaria: Emilie Renard
- 2010 *Video screening*, àngelsbarcelona, Barcelona
- 2010 *Fréquence #2*, Transpalette, Bourges. Comisaria: Leonor Nuridsany
- 2009 *Treasures for theatre*, Centre d'art La Ferme du Buisson. Marne-la-Vallée. Comisaria: Julie Pellegrin
- 2009 *Wake up, please!*, Le Quartier, Quimper. Comisaria: Keren Detton
- 2009 *Peinture show*, MOHLL'148 homestudioshow, Aubervilliers
- 2009 *Its somewhat ambitious title was 'The Book of Life', and it attempted to show how much an observant man might learn by an accurate and systematic examination of all that came in his way. It struck me as being a remarkable mixture of shrewdness and of absurdity.* A SUPER, París. Unha proposta de Elodie Henrion
- 2008 *O medio é o museo*, MARCO, Vigo / Koldo Mitxelena Kulturunea, Donostia-San Sebastián. Comisarios: Pablo Fanego e Pedro de Llano
- 2008 *Marxes e mapas. A creación de xénero en Galicia*. Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela. Comisarios: Chus Martínez e Xosé Manuel Lens
- 2007 *We can't be stopped*. Galerie Nuke, París. Comisaria: Julie Pellegrin
- 2006 *Urbanitas*. MARCO, Vigo
- 2005 *Mots d'ordre mots de passe*. Espace Paul Ricard, París

NOTA DE PRENSA

Colaboracións

- 2010 *Los topos*. En colaboración con Vassilis Salpistis
- 2010 *Los escapados - la gravité est une illusion provoquée par le manque de légèreté / il y a peu de chance qu'il y ait quoi que ce soit qui change*
- 2009 *Pintura hablante*. En colaboración con Vassilis Salpistis
- 2009 *Recuperados*. Escenificación: António Júlio. Asistencia escenificación: Loreto Martínez Troncoso. Dramaturxia. António Júlio, Loreto Martínez Troncoso, TUP, Teatro Universitario do Porto. Presentado en Fundação José Rodrigues, O Porto / RITU (Rencontres Internationales de Théâtre Universitaire), Théâtre Universitaire Royal de Liège
- 2006-2007 *B.A.T / Beautiful Animals Trying*. Un proxecto de Ion Munduate, en colaboración con Amaia Urra e Loreto Martínez Troncoso. Presentado en Arteleku, Donostia-San Sebastián / Festival *In-Presentables*, La Casa Encendida, Madrid / Espace Pier Paolo Pasolini, Valenciennes

Escritos publicados (selección)

- 2010 'It's Too Late to Say Littérature (aujourd'hui recherche formes désespérément)', en revista *ah!* #10, pensada/propuesta por Jean-Charles Massera
- 2009 '...mais où ê(te)s-vous/tu physiquement?', en *Hypertexte n°2, Principes de plaisir, principes de réalité*
- 2009 '¿Te acuerdas de lo que me acuerdo? Gogoan al duzu nik gogoan dudana? Do you remember what I remember?', en *ZEHAR#65 PERFORMANCEDITION*
- 2009 *Cher toi.doc*, ouestwesthereview: <http://po8alouest.blogspot.com/>
- 2009 RoToR#1 <http://corner.as.corner.free.fr/rotor.html>
- 2008 'Dans le flot de la vie (texte)', en *bs n°2. Le journal de Bétonsalon*

Talleres

- 01.05.2010 *Ce que je voudrais le plus au monde...*, L'Ecole Le Four, Lognes. La Ferme du Buisson, Centre d'Art et de Culture de Marne-la-Vallée
- 03.04.2010 *C'est arrivé près de chez vous*, proxecto 'PIE Fiction d'écrire une œuvre', MAC/VAL, Musée d'art Contemporain, Vitry-sur-Seine
- 2008-2009 *Écrire et créer des situations*, proxecto 'PIE Fiction d'écrire une œuvre', MAC/VAL, Musée d'art Contemporain, Vitry-sur-Seine
- 2006 *(se) présenter à un public (pour dire) quelque chose*, École des Beaux Arts de Rennes
- 2005 *Écriture... identité, frontière*, Lycée d'Esthétique, Domaine d'Abbadia, Hendaya

Se desexa recibir máis información, diríxase a:
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Departamento de Comunicación (Marta Viana ou Pilar Souto)
R/ Príncipe 54
36202 Vigo
Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00
Fax. +34 986 11 39 01
Email: marta.viana@marcovigo.com pilar.souto@marcovigo.com